

ANUNCIO

APROBACIÓN DAS BASES DO CERTAME DE CARROZAS E DISFRACES EN GRUPO ENTROIDO RIANXO 2025

A Xunta de Goberno do Concello de Rianxo, na sesión extraordinaria do 23.01.2025, aprobou AS BASES DO CERTAME DE CARROZAS E DISFRACES EN GRUPO ENTROIDO RIANXO 2025, e os Anexos que se transcriben a continuación

INTRODUCCIÓN

O Entroido caracterízase pola súa dimensión popular e participativa (velaí o choqueiro, tradicional figura entre nós). Tamén se caracteriza pola crítica (aos distintos poderes, ao famoseo, a algún feito do ano polémico ou destacable, etc.) e pola exaltación da cultura da carne e da festa. Nestas coordenadas, e tendo como referencia fundamental a cultura que nos é propia, o Concello de Rianxo convoca un Certame de Carrozas e Disfraces en grupo de Entroido, que se celebrará o vindeiro domingo día 02 de marzo de 2025, segundo as seguintes:

BASES

1 A participación no Certame de Carrozas e Disfraces en grupo do Entroido 2025 supón a aceptación das presentes bases reguladoras.

2 O Certame de Carrozas e Disfraces en grupo do Entroido 2025 terá lugar o domingo 02 de marzo de 2025. Comezará ás 17:00 horas e as persoas participantes deberán presentarse entre as 16:30 e 17:00 horas na zona do Porto.

3 O certame ten dúas modalidades de participación:

Certame de carrozas: grupo de persoas de 6 ou máis participantes disfrazadas e cunha mesma temática, e que vaian acompañados por un vehículo con plataforma móbil debidamente adornada e elaborada.

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 700.994 exp. 2025/D001/000001

Certame de disfraces en grupo: grupo de persoas de 6 ou máis participantes disfrazadas baixo unha mesma temática e que representan unha escenografía, baile,..

Só se poderá participar nunha das modalidades do certame (en carroza ou en grupo) e a participación neste certame exclúe aos membros de participar no sorteo de disfraces individuais que se realizará no marco das actividades do Domingo de Entroido.

4 Poderá participar neste certame calquera entidade non lucrativa legalmente constituída, ou ben os grupos informais de persoas, interesados en conformar unha carroza ou grupo de disfraces de entroido.

5 As inscricións deberán formalizarse no impreso normalizado (ANEXO I) xunto coa documentación necesaria no Rexistro do Concello de Rianxo, ben de xeito presencial ou telemático (obrigatorio rexistro telemático para entidades). O prazo de inscrición será dende publicación das bases no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Rianxo **ata o xoves 27 de febreiro.**

En caso de aprazamento, a data límite estenderase ata dous días hábiles anteriores á celebración do certame.

Non se inscribirá ningunha carroza ou grupo despois da data e da hora antes citadas.

A documentación necesaria para a inscrición é:

Grupos informais de persoas:

- Denominación da carroza/grupo, datos da persoa representante e bosquejo (ANEXO I)
- Relación de persoas participantes no certame de carrozas e disfraces en grupo (ANEXO II)
- Participantes menores de idade: autorización expresa dos seus titores legais para os efectos e o nomeamento dun representante maior de idade para as persoas participantes menores de idade (ANEXO IV)

Ao abeiro do disposto no artigo 11.3 da Lei xeral de subvencións, en caso de inscricións relativas a agrupacións de persoas físicas, no momento da inscrición deberase facer constar expresamente a súa porcentaxe de participación na carroza, e aplicaráselle o IRPF correspondente á gratificación e/ou premio que corresponda.

Así mesmo, e segundo o disposto no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, as agrupacións de persoas físicas, xunto coa folla de inscrición, presentarán unha declaración de estaren ao corrente das obrigas coa Axencia Española de Administración Tributaria, Seguridade Social, Axencia Tributaria de Galicia e Concello de Rianxo, e de non estaren incursas en ningún dos supostos que aparecen no citado artigo de incompatibilidade para recibir subvencións.

Entidades sen fin de lucro:

- Denominación da carroza/grupo, datos da persoa representante para a participación do certame (ANEXO I)
- Designación da persoa representante para a participación no certame (ANEXO III)
- Fotocopia do CIF da entidade participante.
- Fotocopia do DNI da persoa representante.

6 Os vehículos das carrozas participantes deberán cumprir coa normativa vixente dispoñendo da documentación e permisos obrigatorios, así como tamén a persoa condutora, e presentar a declaración responsable (ANEXO V).

Deberán contar con medidas de seguridade e protección axeitadas para o bo desenvolvemento do certame. (Obrigas e recomendacións ANEXO VI).

7 A confección, motivo, elementos, materiais, etc., serán totalmente libres. O tema estará referido a algunha/as das características indicadas na introdución.

As carrozas/grupos participantes terán que realizar o desfile de carrozas, co percorrido e orde que lles serán indicados ao seu inicio.

Na Praza de Castelao, as persoas participantes deberán desenvolver unha escenografía/coreografía/teatro acorde a temática das carrozas/grupo.

8 A valoración das carrozas/grupo por parte do Xurado realizarase na Praza de Castelao no desenvolvemento do certame.

Os criterios de valoración que se empregarán polo Xurado, son os que de seguido se detallan, podendo obterse un máximo de 100 puntos:

Certame de Carrozas

- orixinalidade (entendida como ausencia de mera imitación, tradución ou copia doutra cousa): ata 15 puntos
- creatividade (entendida como a aplicación de inventiva, habilidade e enxeño no tratamento do tema e/ou materiais e/ou posta en escena): ata 15 puntos
- o esforzo na realización da carroza (entendido como a inversión substantiva de tempo e labor nos distintos elementos): ata 15 puntos
- a utilización e creación de recursos non comerciais (entendida como a primacía de elementos deseñados e elaborados polos participantes fronte a alternativas comerciais ou industriais xa feitas): ata 15 puntos
- as coreografías e a escenografía (complexidade e dificultade de execución e vinculación co tema proposto): ata 20 puntos
- vestimentas/maquillaxes das persoas participantes:
 - elaboración: 10 puntos
 - orixinalidade: 10 puntos

Certame de Disfraces en Grupo

- orixinalidade (entendida como ausencia de mera imitación, tradución ou copia doutra cousa): ata 10 puntos
- creatividade (entendida como a aplicación de inventiva, habilidade e enxeño no tratamento do tema e/ou materiais e/ou posta en escena): ata 15 puntos
- a utilización e creación de recursos non comerciais (entendida como a primacía de elementos deseñados e elaborados polos participantes fronte a alternativas comerciais ou industriais xa feitas): ata 10 puntos
- as coreografías e a escenografía (complexidade e dificultade de execución e vinculación co tema proposto): ata 25 puntos
- vestimentas/maquillaxes das persoas participantes:
 - elaboración: 20 puntos
 - orixinalidade: 20 puntos

9 As persoas participantes deben seguir en todo momento as indicacións da organización.

A organización velará polo correcto funcionamento do desfile, e poderá impedir a participación a calquera persoa, grupo ou carroza por motivos de seguridade.

A organización non cederá os seus equipos audiovisuais e de son para o desenvolvemento das escenografías das carrozas.

10 Poderanse descualificar e prohibirle a súa participación a aquelas carrozas que representen temáticas machistas, racistas ou xenófobas.

Segundo a ordenanza municipal, non se admitirá a participación con animais.

Non se admitirá ningún tipo de publicidade comercial.

Non se permite o consumo de alcohol nin de tabaco.

11 Establécense os seguintes premios:

Certame de Carrozas:

- 1º premio: 900 €
- 2º premio: 700 €
- 3º premio: 500 €

A participación no certame de carrozas, sempre e cando as carrozas cumpran as bases e participen no desfile e actos na praza, e non se obteña ningún premio, suporá unha gratificación de 150 euros.

O importe total destinado a gratificacións é de 1.200,00 euros. No caso de que as gratificacións ás carrozas participantes excedan a contía total destinada aos mesmos o reparto será proporcional entre todas elas ata o límite establecido. Ás gratificacións aplicaráselle a retención fiscal que corresponda segundo a lei.

Certame de Disfraces en grupo:

- 1º premio: 350,00 €.
- 2º premio: 250,00 €
- 3º premio: 150,00 €

Estes premios levarán consigo as imposicións fiscais que resulten de aplicación, segundo as normas contidas na normativa reguladora do imposto.

12 O xurado estará formado por membros da Corporación do Concello de Rianxo e persoas pertencentes ao mundo da cultura ou á creación artística e representantes das asociacións, e será potestade súa designar a aquelas persoas que estime convenientes en calidade de asesoras. Estará composto por un/unha presidente/a, vogais e un/unha secretario/a, este último será persoal do Concello de Rianxo, que non terá dereito a voto.

13 Toda interpretación sobre as presentes bases correspóndelle unicamente ao xurado. Calquera cuestión non recollida de forma explícita nestas bases será resolta polo xurado.

14 O veredicto do xurado do Certame de Carrozas, que será inapelable, farase público no transcurso dos actos na tarde do *Domingo de Entroido*. Os premios poderán ser declarados desertos.

15 As carrozas/grupos recibirán o pagamento dos premios e gratificacións mediante transferencia bancaria no período de 30 días naturais dende a presentación da documentación, sempre que esta correcta.

Para o cobro do premio/gratificación deben presentar, no período de 3 días hábiles dende a celebración do certame, a seguinte documentación:

No caso de persoas físicas:

- Instancia de solicitude de aboamento (ANEXO VII)
- Certificado do IBAN orixinal da conta bancaria
- Ficha de terceiros (modelo dispoñible na web do concello)

Poderase optar por un pago único á persoa representante do grupo ou carroza e que se inscriba en nome do grupo, ou polo pago proporcional a cada un dos membros participantes, circunstancia que deberá figurar na inscrición debendo cada membro presentar a certificación bancaria/ficha de terceiros.

No caso de que todos os participantes sexan menores de idade, deberá realizarse o pagamento na conta bancaria do adulto responsable.

No caso de asociacións:

- Instancia de solicitude de aboamento (ANEXO VII)
- Ficha de terceiros (se non está xa presentada no Concello)
- Certificado do IBAN orixinal da conta bancaria (se non está xa presentado no Concello)

16 En caso de condicións climatolóxicas adversas, o certame poderase aprazar para outras datas, decisión que se tomará como máximo ata o domingo 02 de marzo ás 13.00 h. No caso de que non se poida celebrar, o certame poderá ser suspendido.

Os posibles cambios e comunicacións publicaranse no sitio web concelloderianxo.gal e nas redes sociais do Concello de Rianxo.

17 O Concello de Rianxo resérvase a potestade de fotografar e/ou gravar ás persoas participantes, así como a utilización das imaxes para promoción e difusión do evento.

18 O órgano municipal competente asumirá a proposta do xurado e concederá o premio e realizará o seu pagamento seguindo o proceso establecido.

19 Máis información no Centro Sociocultural - Auditorio de Rianxo: de luns a venres, de 9.00 a 14.00 horas (tel.: 981 100 688 / cultura@concelloderianxo.gal).

ANEXO I - INSCRICIÓN CERTAME DE CARROZAS E DISFRACES EN GRUPO DO ENTROIDO RIANXO 2025			
DENOMINACIÓN			
DATA DE INSCRICIÓN		NÚM. PARTICIPANTES	
BREVE DESCRICIÓN/ BOCEXO			
RESPONSABLE			
DNI			
TELÉFONO		CORREO-E	

ENDEREZO	
-----------------	--

Rianxo, _____

Asdo: _____

ANEXO II - GRUPOS INFORMAIS

PERSOAS PARTICIPANTES NO CERTAME DE CARROZAS E DISFRACES EN GRUPO

CARROZA:			
NOME E APELIDOS (1)	DNI	% PARTICIPACIÓN	SIGNATURA

(1) TODAS AS PERSOAS PARTICIPANTES COA SÚA SIGNATURA DECLARAN QUE ESTÁN AO CORRENTE DAS SÚAS OBRIGAS COA SEGURIDADE SOCIAL E A AXENCIA TRIBUTARIA, ASÍ COMO QUE NON ESTÁN INCURSAS EN NINGÚN DOS MOTIVOS PARA NON PERCIBIR SUBVENCIÓNS MENCIONADOS NO ARTIGO NÚMERO 13 DA LEI XERAL DE SUBVENCIÓNS. AUTORIZAN AO CONCELLO DE RIANXO A ACCEDER A ESTES DATOS NAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS.

ANEXO III**DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTE PARA OS EFECTOS DE INSCRICIÓN E XESTIÓN DA
PARTICIPACIÓN NO CERTAME DE CARROZAS E DISFRACES EN GRUPO DO ENTROIDO RIANXO
2025**

D./Dna. _____ con DNI _____ na
súa calidade de secretario/a da asociación _____ con CIF

CERTIFICA:

que na reunión da Xunta directiva da Asociación _____

celebrada o día _____, acordouse nomear
a D./Dna. _____ con DNI _____ representante desta
entidade para os efectos de inscrición e xestión da súa participación no Certame de Carrozas e
Disfraces en grupo do Entroido Rianxo 2025.

E para que conste, asina a presente declaración.

Rianxo, _____ de _____ de 2025

SECRETARIO/A

Vº E PRACE DO/A PRESIDENTE/A

ANEXO IV - AUTORIZACIÓN MENORES -

D./Dna. _____ con DNI

nai/pai/titor/a do neno/a _____

AUTORIZA o seu fillo/a a participar no **CERTAME DE CARROZAS E DISFRACES EN GRUPO DO ENTROIDO RIANXO 2025**, organizado polo Concello de Rianxo e nomea a D./Dna.

con DNI _____, maior de idade, como representante do seu fillo/a no relativo a súa participación no certame.

Rianxo, ____ de febreiro de 2025

_____(asinado)_____

ANEXO V

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CUMPRIMENTO DE NORMATIVA VIXENTE E PERMISOS PARA A PARTICIPACIÓN NO CERTAME DE CARROZAS DO ENTROIDO RIANXO 2025

D./Dna. _____ con DNI _____
representante da carroza denominada _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

- que o vehículo/s que forman parte da carroza cumpre a normativa vixente e contan cos permisos de circulación e ITV e os seguros correspondentes actualizados.
- Que o persoal condutor conta co permiso de conducción para o vehículo e remolque.

E para que conste, asina a presente declaración.

Rianxo, _____ de _____ de 2025

ANEXO VI

OBRIGAS E RECOMENDACIÓNS RESPECTO AO DESEÑO DAS CARROZAS

OBRIGAS

Dimensións

Segundo o establecido no Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, aprobado polo Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo, as dimensións máximas dos remolques serán as seguintes:

- Lonxitude < 12 m
- Altura < 4 m
- Anchura < 2,5 m

Dispositivos de acoplamento dos remolques

Segundo o establecido no artigo 13 do Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de vehículos:

- 1 Os elementos mecánicos, pneumáticos e eléctricos de conexión entre un vehículo tractor e o seu remolque deben ser compatibles e cumprir as esixencias que se determinen na regulamentación.
- 2 Os remolques estarán dotados dun dispositivo que obrigue as súas rodas a seguir unha traxectoria análoga á dos dispositivos de acoplamento do vehículo tractor, segundo a regulamentación.
- 3 O dispositivo de axuste do remolque co vehículo tractor estará dotado dun elemento que

impida o desacoplamento do remolque, de acordo coa regulamentación.

4 Os remolques cuxa masa máxima autorizada sexa menor ou igual a 1.500 quilogramos, que non estean provistos dun sistema que asegure o freado do remolque en caso de rotura do dispositivo de axuste, deberán estar provistos, ademais do enganche principal, dun dispositivo de axuste secundario (cadea, cable, etc.) que, en caso de separación do enganche principal, poida impedir que a barra do dispositivo de axuste toque o chan e que asegure, ademais, unha certa condución residual do remolque.

Decoración

Non está permitido utilizar elementos pirotécnicos, así como obxectos con lapas, candeas, petróleo, gas ou calquera outro tipo de combustible.

RECOMENDACIÓNS

Instalación eléctrica

Como liña xeral, resulta máis recomendable utilizar inversores de corrente utilizando a enerxía eléctrica do vehículo e remolque, aínda que tamén se permite o uso de xeradores de gasóleo.

No caso de utilizar xeradores:

- Non poderán estar cubertos nin rodeados por materiais decorativos inflamables ou combustibles.
- Deben situarse na parte da carroza máis afastada posible do seu acceso.
- Deben situarse de xeito que as persoas ocupantes da carroza se atopen a suficiente distancia do aparello.
- Debe calcularse o combustible necesario para o seu funcionamento durante o desfile, e evitárase levar combustible de reserva nin na carroza nin no vehículo de remolque.

A instalación eléctrica da carroza debería ser realizada por un instalador electricista autorizado coa finalidade de garantir tanto as condicións de seguridade dos elementos de xeración de electricidade instalados na carroza como as das diferentes conexións necesarias.

Seguridade nas zonas elevadas da carroza fronte ao risco de caída

A carroza debe contar con elementos de seguridade para impedir o risco de caída a distinto nivel

das persoas ocupantes. Por exemplo:

- Cintos anticaída ou arneses para os ocupantes das zonas elevadas da carroza.

- Varandas, coas seguintes condicións:

- Realizadas en materiais ríxidos e resistentes (non se poden utilizar cordas, cintas, cadeas ou similares)
- Altura mínima de 90 centímetros
- Protexidas por unha barra horizontal ou listón intermedio, ou ben por medio de barrotes verticais cunha separación máxima de 15 cm.

Seguridade fronte ao risco de atrapamento e atropelo

Co obxectivo de diminuír o risco de atrapamento e atropelo entre as rodas da carroza, estas contarán con abas ríxidas para o recubrimento das rodas, instaladas ao longo de ambos laterais da carroza.

Decoración

Os materiais utilizados para a decoración da carroza deberán ser ignífugos.

Non está permitido utilizar elementos pirotécnicos, así como obxectos con lapas, candeas, petróleo, gas ou calquera outro tipo de combustible.

Os elementos de decoración deberán contar con puntos de ancoraxe automáticos e facilmente desmontables que non sobresaian dos laterais da carroza.

Medios técnicos de extinción

Os vehículos de remolque das carrozas irán dotados dun extintor de po de eficacia mínima 21A 113B C.

ANEXO VII

SOLICITUDE DE COBRAMENTO DO PREMIO/GRATIFICACIÓN DO CERTAME DE CARROZAS E DISFRACES EN GRUPO ENTROIDO RIANXO 2025

D./Dna. _____ con DNI _____ representante
da carroza denominada _____

SOLICITA:

que pola participación da carroza/ grupo que represento se me abone a cantidade correspondente a:

- gratificación de 150 euros por participación no certame de carrozas
- premio no certame de carrozas: _____(indicar premio)
- premio no certame de disfraces en grupo: _____ (indicar premio)

E para que conste, asina a presente declaración.

Rianxo, _____ de _____ de 2025

Rianxo, venres 24 de xaneiro de 2025.

O alcalde, Julián Bustelo Abuín